Deputación DA CORUÑA
www.dacoruna.gal
BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DA CORUÑA
D.L.: C-1-1958
BOP
BOLETÍN OFICIAL DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA
MÉRCORES, 25 DE NOVEMBRO DE 2026 | MIÉRCOLES, 25 DE NOVIEMBRE DE 2026 | BOP NÚMERO 226

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

ARTEIXO

Convocatoria de subvenciones y ayudas públicas

BASES DEL XXII CONCURSO DE ESCAPARATES DE NAVIDAD 2026 AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO

BDNS (Identif.): 943544

De conformidad con lo previsto en los artículos 17.3.b y 20.8.a de la Ley 38/2003, de 17 de noviembre, General de Subvenciones, se publica el extracto de la convocatoria cuyo texto completo puede consultarse en la Base de Datos Nacional de Subvenciones (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/943544)

El Ayuntamiento de Arteixo publica las bases y convocatoria para el "XXII Concurso de Escaparates de Navidad 2026", aprobadas por la Junta de Gobierno Local del 19 de noviembre de 2026:

BASES DEL XXII CONCURSO DE ESCAPARATES DE NAVIDAD 2026 AYUNTAMIENTO DE ARTEIXO

PRIMERA. - Objeto y finalidad. Esta iniciativa, convocada por el Ayuntamiento de Arteixo, tiene por finalidad decorar el pueblo de Arteixo, incentivando y premiando a las personas físicas y jurídicas titulares de pequeños establecimientos comerciales, de servicios personales y hostelería del municipio para que decoren sus locales, impulsando de este modo la actividad comercial y potenciando el ambiente festivo durante el mes de diciembre coincidiendo con las fiestas de Navidad.

SEGUNDA. - Participantes. Podrán participar en este concurso los pequeños comercios, servicios personales y hostelería que desenvuelvan su actividad en el término municipal de Arteixo, siempre que cumplan todos los requisitos para el ejercicio de la actividad y tengan el escaparate decorado con motivos navideños como mínimo durante un período comprendido entre el 5 de diciembre de 2026 y el 6 de enero de 2027 (ambos incluidos).

TERCERA. - Inscripción y presentación de solicitudes. Para inscribirse en el concurso, deberán entregar en el Registro del Ayuntamiento de Arteixo o sede electrónica, una solicitud de inscripción, según el modelo creado a tal efecto y que se incluye el anexo. La inscripción será gratuita.

Una vez rematado el plazo de inscripciones se elaborará y publicará en la página web municipal una lista de establecimientos participantes.

CUARTA. - Plazo de inscripciones. El plazo de inscripciones comenzará el día 01-12-2026 y terminará el 14-12-2026, ambos inclusive.

QUINTA. - Premios. Se establecen las siguientes modalidades de premios dotados con las siguientes cuantías:

Primera modalidad

Primer premio: 1.000,00 € (mil euros).

Segundo premio: 800,00 € (ochocientos euros).

Tercer premio: 500,00 € (quinientos euros).

Segunda modalidad

Accésit a la originalidad: 450,00 € (cuatrocientos cincuenta euros).

Tercera modalidad

Premio por votación popular: 900,00 € (novecientos euros).

Para el financiamiento de estos premios existe crédito en la aplicación presupuestaria 241.48100.

El jurado se reserva el derecho a declarar los premios desiertos, si lo estimase oportuno.

Los premios estarán sujetos a las retenciones que se determinen por la legislación tributaria vigente y se harán efectivos mediante transferencia bancaria a los premiados.

Un mismo establecimiento no podrá resultar premiado en más de una modalidad del Concurso.

Número de anuncio 2026/7685

SEXTA. - Desarrollo.

Una vez finalizado el plazo de inscripción, se publicarán en la página web la relación de establecimientos admitidos en el XXII de Concurso de Escaparates 2026, indicándose la dirección a la herramienta empleada para la votación popular o mecanismo que se habilite al efecto.

Las decoraciones de los establecimientos serán examinadas por el jurado el día 16-12-2026 y sucesivos si fuera necesario, entre las 18:00 e las 21:00 horas.

El jurado para las dos primeras modalidades estará compuesto por:

Dos representantes del mundo comercial y artístico especializado/a en técnicas de escaparatismo y merchandising.

Técnico/a del Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo o, en su defecto, la persona en la que delegue, que actuará como secretario/a do jurado.

SÉPTIMA. - Criterios de adjudicación de los premios.

Primera modalidad: Premios 1º, 2º y 3º.

La adjudicación de los premios primero, segundo y tercero se harán en función de los puntos a otorgar en cada uno de los siguientes criterios por parte del jurado:

La imagen comercial y presentación del producto: hasta 4 puntos

La creatividad de la decoración: hasta 4 puntos

El impacto visual: hasta 4 puntos

La iluminación del escaparate: hasta 4 puntos

Segunda modalidad: Accésit a la originalidad, según este criterio.

Tercera modalidad: Votación popular.

La adjudicación de este premio se hará en función del resultado de la votación popular efectuada desde la siguiente URL: https://arteixo.org/servizos/promocion-economica/, resultando ganador el establecimiento participante que registre el mayor número de votos. Cada persona podrá votar solamente al escaparate de un establecimiento (un escaparate por IP). Los votos podrán emitirse desde la publicación en la página web municipal de la relación de los establecimientos admitidos en el Concurso (previsiblemente el 15 de diciembre), hasta las 23:59 h del día 21 de diciembre de 2026.

El Ayuntamiento de Arteixo se reserva el derecho a descalificar a cualquier participante si existe cualquier sospecha del uso fraudulento de las herramientas y en la forma de participar en esta modalidad del concurso. Por este motivo, se podrán tomar las medidas oportunas tales como, bloquear usuarios, descalificar contenidos, usuarios o cualquier otra acción que el Ayuntamiento estime oportuna.

OCTAVA. - Adjudicación de los premios.

La adjudicación de los premios se efectuará a partir de la valoración del jurado profesional (primera y segunda modalidad) y por los votos emitidos en la modalidad de votación popular (tercera modalidad).

El resultado del Concurso, quedará reflejado en el acta correspondiente, se dará a conocer en la página web del Ayuntamiento de Arteixo (www.arteixo.org).

NOVENA. - Pago de los premios.

Con carácter previo al otorgamiento de los premios, se comprobará que los premiados propuestos por el jurado están al corriente de sus obligaciones tributarias municipales, estatales y con la seguridad social y no son deudores a la hacienda municipal por el reintegro de subvenciones. Los participantes, al firmar la solicitud, están autorizando al Ayuntamiento a realizar las comprobaciones oportunas.

No podrán obtener la condición de premiados las personas o entidades en las que concurran las circunstancias que permitan cualificarlos como beneficiario segundo lo dispuesto en el artículo 13 de la Ley 38/2003 General de Subvenciones, en el artículo 10 de la Ley 9/2007 de Subvenciones de Galicia y demás normativa aplicable.

El pago de los premios a personas físicas quedará sujeto a la previa retención del IRPF en aplicación del art. 33.1 (calificación de los premios como ingreso patrimonial) e 101 de la Ley 35/2006, de 28 de noviembre del Impuesto sobre la renta de las personas físicas.

DECIMA. - Aceptación de las bases.

El hecho de participar en este concurso presupone la aceptación de estas bases y con la aceptación de las Bases do Concurso, los/las participantes asumen que la cesión de derechos sobre las fotografías con las que puedan participar no les confiere ningún derecho de remuneración o beneficio alguno con la única excepción hecha de la participación en el Concurso conforme las presentes Bases.

Número de anuncio 2026/7685

SOLICITUD DE INSCRIPCION EN EL XXII CONCURSO DE ESCAPARATES DE NAVIDAD 2026

DATOS DE LA EMPRESA:

Razón Social de la Empresa:

CIF/NIF:

Nombre Comercial:

Actividad:

Dirección escaparate:

E-mail: Teléfono:

Persona de contacto:

SOLO EN CASO DE PERSONAS JURÍDICAS

Nombre y apellidos:

DNI/NIE: E-mail:

Teléf: En calidad de:

Expongo: que conociendo y cumpliendo los requisitos exigidos en las Bases y Convocatoria

Solicito: participar en el "XXII Concurso de Escaparates de Navidad 2026"

Arteixo, a .....de diciembre de 2026

*Firma del titular o representante legal

*Declaro que los datos anteriores son ciertos y que conozco y acepto las bases del concurso, y que en el caso de ser premiado autorizo al Ayuntamiento de Arteixo a comprobar el cumplimiento de estar al corriente de las obligaciones tributarias y con la Seguridad Social.

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)

En virtud del Reglamento (UE) 2016/679 de 27 de abril y de la Ley Orgánica 3/2018, de 5 de diciembre, de Protección de datos personales y garantía de los derechos digitales, los datos que voluntariamente faciliten los concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Los datos no serán comunicados a terceros. El interesado podrá ejercer los derechos de acceso, rectificación, portabilidad y supresión de sus datos, y los de limitación y oposición a su tratamiento dirigiéndose al Ayuntamiento de Arteixo, Plaza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo."

Arteixo

20/11/2026

O ALCALDE

Por delegación, Decreto 1243/2025

Angel Vázquez Sande

(Concelleiro de Promoción Económica e Festas)

Número de anuncio 2026/7685

BASES DO XXII CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2026 CONCELLO DE ARTEIXO

BDNS (Identif.): 943544

De acordo co disposto nos artigos 17.3.b e 20.8.a da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, publícase o extracto da convocatoria, cuxo texto completo se pode atopar na Base de Datos Nacional de Subvencións (https://www.infosubvenciones.es/bdnstrans/GE/es/convocatoria/943544)

O Concello de Arteixo publica as bases e convocatoria para o "XXII Concurso de Escaparates de Nadal 2026", aprobadas pola Xunta de Goberno Local do 19 de novembro de 2026:

BASES DO XXII CONCURSO DE ESCAPARATES DO NADAL 2026 CONCELLO DE ARTEIXO

PRIMEIRA.- Obxecto e finalidade. Esta iniciativa, convocada polo Concello de Arteixo, ten por finalidade decorar o pobo de Arteixo, incentivando e premiando ás persoas físicas e xurídicas titulares de pequenos establecementos comerciais, de servizos persoais e hostalería do municipio para que decoren os seus locais, impulsando deste xeito a actividade comercial e potenciando o ambiente festivo durante o mes de decembro coincidindo coas festas do Nadal.

SEGUNDA.- Participantes. Poderán participar neste concurso os pequenos comercios, servizos persoais e hostalería que desenvolvan a súa actividade no termo municipal de Arteixo, sempre que cumpran todos os requisitos para o exercicio da actividade e teñan o escaparate decorado con motivos do nadal como mínimo durante un período comprendido entre o 5 de decembro de 2026 e o 6 de xaneiro de 2027 (ambos incluídos).

TERCEIRA.- Inscrición e presentación de solicitudes. Para inscribirse no concurso, deberán entregar no Rexistro do Concello de Arteixo ou sede electrónica, unha solicitude de inscrición, segundo o modelo creado a tal efecto e que se inclúe no anexo. A inscrición será gratuíta.

Unha vez rematado o prazo de inscricións elaborarase e publicarase na páxina web municipal unha listaxe de establecementos participantes.

CUARTA.- Prazo de inscricións. O prazo de inscricións comezará o día 01-12-2026 e rematará o 14-12-2026, ambos inclusive.

QUINTA.- Premios. Establécense as seguintes modalidades de premios dotados coas seguintes contías:

Primeira modalidade

Primeiro premio: 1.000,00 € (mil euros).

Segundo premio: 800,00 € (oitocentos euros).

Terceiro premio: 500,00 € (cincocentos euros).

Segunda modalidade

Accésit á orixinalidade: 450,00 € (catrocentos cincuenta euros).

Terceira modalidade

Premio por votación popular: 900,00 € (novecentos euros).

Para o financiamento destes premios existe crédito na aplicación orzamentaria 241.48100.

O xurado resérvase o dereito a declarar os premios desertos, se o estimase oportuno.

Os ditos premios estarán suxeitos ás retencións que se determine pola lexislación tributaria vixente e faranse efectivos mediante transferencia bancaria aos premiados.

Un mesmo establecemento non poderá resultar premiado en máis dunha modalidade do Concurso.

SEXTA.- Desenvolvemento.

Unha vez rematado o prazo de inscrición, publicarase na páxina web a relación de establecementos admitidos no XXII de Concurso de Escaparates 2026, indicándose a ligazón á ferramenta empregada para a votación popular ou mecanismo que se habilite ao efecto.

As decoracións dos establecementos serán examinadas polo xurado o día 16-12-2026 e sucesivos se fora necesario, entre as 18:00 e as 21:00 horas.

O xurado para as dúas primeiras modalidades estará composto por:

Dous representantes do mundo comercial e artístico especializado/a en técnicas de escaparatismo e merchandising.

Técnico/a do Departamento de Promoción Económica do Concello de Arteixo ou, no seu defecto, a persoa na que delegue, que actuará como secretario/a do xurado.

Número de anuncio 2026/7685

SÉTIMA.- Criterios de adxudicación dos premios.

Primeira modalidade: Premios 1º, 2º e 3º.

A adxudicación dos premios primeiro, segundo e terceiro farase en función dos puntos a outorgar en cada un dos seguintes criterios por parte do xurado:

A imaxe comercial e presentación do produto: ata 4 puntos

A creatividade da decoración: ata 4 puntos

O impacto visual: ata 4 puntos

A iluminación do escaparate: ata 4 puntos

Segunda modalidade: Accésit á orixinalidade, segundo este criterio.

Terceira modalidade: Votación popular.

A adxudicación deste premio farase en función do resultado da votación popular efectuada desde a seguinte URL: https://arteixo.org/servizos/promocion-economica/, resultando gañador o establecemento participante que rexistre o maior número de votos. Cada persoa poderá votar soamente ao escaparate dun establecemento (un escaparate por IP). Os votos poderán emitirse desde a publicación na páxina web municipal da relación dos establecementos admitidos no Concurso (previsiblemente o 15 de decembro), ata as 23:59 h do día 21 de decembro de 2026.

O Concello de Arteixo resérvase o dereito a descualificar a calquera participante se existe calquera sospeita de uso fraudulento das ferramentas e na forma de participar nesta modalidade do concurso. Por este motivo, poderanse tomar as medidas oportunas tales como, bloquear usuarios, descualificar contidos, usuarios ou calquera outra acción que o Concello estime oportuna.

OITAVA.- Adxudicación dos premios.

A adxudicación dos premios efectuarase a partir da valoración do xurado profesional (primeira e segunda modalidade) e polos votos emitidos na modalidade de votación popular (terceira modalidade).

O resultado do Concurso, quedará reflectido na acta correspondente, darase a coñecer na páxina web do Concello de Arteixo (www.arteixo.org).

NOVENA.- Pago dos premios.

Con carácter previo ao outorgamento dos premios, comprobarase que os premiados propostos polo xurado están ao corrente das súas obrigas tributarias municipais, estatais e coa seguridade social e non son debedores á facenda municipal polo reintegro de subvencións. Os participantes, ao asinar a solicitude, están autorizando ao Concello a realizar as comprobacións oportunas.

Non poderán obter a condición de premiados as persoas ou entidades nas que concorran as circunstancias que permitan cualificalos como beneficiarios segundo o disposto no artigo 13 da Lei 38/2003 xeral de subvencións, no artigo 10 da Lei 9/2007 de subvencións de Galicia e demais normativa aplicable.

O pago dos premios a persoas físicas quedará suxeito a previa retención do IRPF en aplicación do art. 33.1 (cualificación dos premios como ingreso patrimonial) e 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro do Imposto sobre a renda das persoas físicas.

DECIMA.- Aceptación das bases.

O feito de participar neste concurso presupón a aceptación de estas bases e coa aceptación da Bases do Concurso, os/as participantes asumen que a cesión de dereitos sobre a fotografías coas que poidan participar non lles confire ningún dereito de remuneración ou beneficio algún coa única excepción feita da participación no Concurso conforme as presentes Bases.

Número de anuncio 2026/7685

SOLICITUDE DE INSCRICION NO XXII CONCURSO DE ESCAPARATES DE NADAL 2026

DATOS DA EMPRESA:

Razón Social da Empresa:

CIF/NIF:

Nome Comercial:

Actividade:

Enderezo escaparate

E-mail:

Teléfono:

Persoa de contacto:

SO EN CASO DE PERSOAS XURÍDICAS

Nome e Apelidos:

DNI/NIE:

E-mail:

Teléf.:

En calidade de:

Expoño: que coñecendo e cumprindo os requisitos esixidos nas Bases e Convocatoria

Solicito: participar no “XXII Concurso de Escaparates de Nadal 2026”

Arteixo, a .....de decembro de 2026

*Sinatura

*Declaro que os datos anteriores son certos e que coñezo e acepto as bases do concurso, e que no caso de ser premiado autorizo ao Concello de Arteixo a comprobar o cumprimento de atoparse ao corrente no cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

Sr. Alcalde-Presidente do Concello de Arteixo (A Coruña)

En virtude do Regulamento (UE) 2016/679 de 27 de abril e da Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, os datos que voluntariamente faciliten os concursantes serán utilizados exclusivamente para este fin. Os datos non serán comunicados a terceiros. O interesado poderá exercer os dereitos de acceso, rectificación, portabilidade e supresión dos seus datos, e os de limitación e oposición ao seu tratamento dirixíndose ao Concello de Arteixo, Praza Alcalde Ramón Dopico, nº 1, Arteixo.”

Arteixo

20/11/2026

O ALCALDE

Por delegación, Decreto 1243/2025

Angel Vázquez Sande

(Concelleiro de Promoción Económica e Festas)

2026/7685

Número de anuncio 2026/7685